l e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)
Campo da Feira, n° 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

**ACTA TRIBUNAL CONCURSO OPOSICIÓN PARA SELECCIÓN DE CATRO OFICIAIS DE SEGUNDA (TRES ALBANEIS/ELAS E UN/HA ELECTRICISTA) AO ABEIRO DO PROGRAMA PEL-CONCELLOS 2025.**

Expediente TEDEC: 2025/E001/000001

Reunidos na sala de sesións do Pleno do Concello de Carral ás 10:22 horas do 14 de maio de 2025 os membros do tribunal de selección do proceso para a selección de catro oficiais de segunda (tres albaneis/elas e un/ha electricista) segundo as bases de selección aprobadas por decreto da alcaldía 116/2025 do 26/03/2025, publicado anuncio no BOP n.º 69 do 10 de abril de 2025 e no taboleiro de anuncios do Concello sito na sede electrónica de Carral.

Convocados a esta sesión polo decreto da alcaldía nº 189/2025, do 13 de maio de 2025, estando presentes :

| | |
|---|---|
| **Presidenta** | **Titular:** Dª Sonia Campos Ares, funcionaria, técnica xurídica. |
| **Secretaria** | **Titular:** Dª Rebeca Vázquez Vázquez, funcionaria, secretaria |
| **Vogais** | **Titulares:** Dª Mª Dolores Pinilla López, funcionaria, auxiliar administrativa<br>Dº Iván García García, funcionario, ordenanza. |

Queda constituído o Tribunal e procédese a tratar os asuntos da orde do día

## 1.- PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

No salón de plenos do Concello para a realización da proba de galego (nomeando como asesor técnico á normalizadora lingüística dona Yolanda Cives Paz) persóanse todos os aspirantes admitidos que acreditan a súa identidade:



CVD: CrgW3OCPDlcYOkXHeKX8 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

l e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)
Campo da Feira, n° 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

| NOME E APELIDOS | DNI | EXENTO/A COÑECEMENTO LINGUA GALEGA |
|---|---|---|
| López Castelo, José Antonio | ***2168** | Non |

| NOME E APELIDOS | DNI | EXENTO/A COÑECEMENTO LINGUA GALEGA |
|---|---|---|
| González Souto, José Manuel | ***1843** | Non |
| Beade Rey, Manuel | ***0432** | Non |

Asistidos pola normalizadora lingüística como asesora o Tribunal manifesta conformidade a realización de proba oral na que se lles explica por parte da normalizadora a necesidade da realización da proba para acreditar un coñecemento do galego a nivel Celga 1 nivel básico.

A proba, consistente nunha pequena entrevista oral realizada a cada un dos candidatos, versa en todos os casos sobre a experiencia profesional dos candidatos, o seu traballo no sector da construción e sobre como viviron o apagamento acontecido o 28 de abril de 2025 en todo o país.

O tribunal por unanimidade considera APTOS a todos os aspirantes nesta proba de coñecemento do galego.

Remata este punto ás 11:05

## 2.- VALORACIÓN MÉRITOS APORTADOS PARA O CONCURSO

Unha vez rematada a proba de lingua galega, abandona a sala a normalizadora lingüística e os membros do tribunal proceden a valoración de méritos dos aspirantes. O tribunal, por unanimidade, á vista dos méritos aportados polos aspirantes admitidos (que quedan unidos a este acta no trámite TEDEC) outorgan a seguinte puntuación tendo en conta que non se valoran cursos que non sexan impartidos por organismos oficiais ou debidamente homologados por estes (especialmente escolas ou institutos administrativos de formación do persoal ao servizo das administracións públicas e universidades):



CVD: CrgW3OCPDlcYOkXHeKX8 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**OFICIAL DE SEGUNDA/ ELECTRICISTA**

| ***NOME E APELIDOS*** | ***DNI*** |
|---|---|
| *López Castelo, José Antonio* | ****2168*** |

a)Experiencia profesional 36 meses como oficial de 2º /albanel: 0,54 puntos

b) Formación especializada: 0puntos

TOTAL CONCURSO= 0,54 puntos

| ***NOME E APELIDOS*** | ***DNI*** |
|---|---|
| *Díaz Currás, Xurxo* | ****2292*** |

a)Experiencia profesional como oficial de 2º /albanel: 0 puntos (non aporta contratos)

b) Formación especializada: 1,5 puntos

- Deseño de instalacións de enerxía solar fotovoltaica: 0,90 puntos

- Sold Edge, diseño paramétrico: 0,60 puntos

TOTAL CONCURSO= 1,50 puntos

**OFICIAL DE SEGUNDA/ALBANEIS**

| ***NOME E APELIDOS*** | ***DNI*** |
|---|---|
| *González Souto, José Manuel* | ****4683*** |

a)Experiencia profesional 41 meses como oficial de 2º /albanel: 0,62 puntos



CVD: CrgW3OCPDlcYOkXHeKX8 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

b) Formación especializada: 0 puntos

TOTAL CONCURSO= 0,62 puntos

| ***NOME E APELIDOS*** | ***DNI*** |
|---|---|
| *Beade Rey, Manuel* | ****0432*** |

a)Experiencia profesional 51 meses como oficial de 2º /albanel: 0,77 puntos

b) Formación especializada: 0,0 puntos

TOTAL CONCURSO= 0, 77 puntos

| ***NOME E APELIDOS*** | ***DNI*** |
|---|---|
| *López Santiso, José Francisco* | ****0056*** |

a)Experiencia profesional 186 meses como oficial de 2º /albanel: 2,79 puntos

b) Formación especializada: 0 puntos

TOTAL CONCURSO= 2,79 puntos

| ***NOME E APELIDOS*** | ***DNI*** |
|---|---|
| *Rabade Serrano, Eduardo* | ****9752*** |

a)Experiencia profesional 2 meses como oficial de 2ª/albanel: 0,03 puntos

b) Formación especializada: 2 puntos

- Curso de albanelería impartido polo Instituto Nacional de Emprego (960 horas)

- Curso de albanelería impartido polo Ministerio de Traballo e Seguridade Social (3.360 horas)

TOTAL CONCURSO= 2,03 puntos



CVD: CrgW3OCPDlcYOkXHeKX8 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**3.- PROBA PRÁCTICA**

En aplicación da base 5.2 os aspirantes e membros do Tribunal desprázanse ao centro de formación Antón Fraguas para realizar a proba práctica de traballos propios do posto acordando por unanimidade o Tribunal realizar a seguinte proba:

Electricista: arranxar un enchufe tendo que traballar en cadro eléctrico.

Preguntas: Que tipo de enchufe é? Resposta correcta: trifásico De que cor poden ser os cables das fases? Resposta correcta: negro, marrón e gris.

A distribución da puntuación será a seguinte :

- Destreza na realización da proba (1,5 puntos)
- Adecuación da elección dos materiais empregados (1,5 puntos)
- Axilidade na realización dos traballos (tempo empregado na realización do traballo) (1,5 puntos)
- Adecuación das respostas ás preguntas prácticas realizadas polo tribunal (1,5 puntos)

Realizadas as probas prácticas aos candidatos, ( motivase a puntuación na valoración de cada un ) o Tribunal por unanimidade acorda outorgarlle á realización desta proba a puntuación seguinte:

| ***NOME E APELIDOS*** | ***DNI*** |
|---|---|
| *López Castelo, José Antonio* | ****2168*** |

Amosa destreza e axilidade ao desmontar o cadro e arranxar o enchufe utilizando a ferramenta necesaria.

As súas respostas son totalmente correctas .



CVD: CrgW3OCPDlcYOkXHeKX8 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Destreza na realización da proba (1,5 puntos)

Adecuación da elección dos materiais empregados (1,5 puntos)

Axilidade na realización dos traballos (tempo empregado na realización do traballo) (1,5 puntos)

Adecuación das respostas ás preguntas prácticas realizadas polo tribunal (1,5 puntos)

Responde correctamente ás preguntas formuladas.

Total concurso: 6 puntos

| ***NOME E APELIDOS*** | ***DNI*** |
|---|---|
| *Díaz Currás, Xurxo* | ****2292*** |

Non presentado.

**Albaneis: preparado de madeira para exterior o Tribunal decide na proba realizar proba de vernizado dunha madeira deixando pincel, luvas, escorredoiro, rodete, lixas e pinturas así como mesa con pequeno cabalete a súa disposición**

Preguntas: Como limpar unha superficie antes de pintar? Resposta correcta: a limpeza é crucial para asegurar un acabado correcto e duradeiro. É preciso limpar o po cun pano ou un cepillo, se ten restos de graxa débese empregar un limpador axeitado e nalgúns casos disolvente para posteriormente lixalo cun papel con gran axeitado con movementos na dirección da veta.

Tempo que se debe deixar entre vernizado e vernizado? Resposta correcta: recoméndase esperar polo menos vinte e catro horas entre capa e capa aínda que o tempo exacto varía segundo o tipo de verniz e as condicións ambientais.

A distribución da puntuación será a seguinte :

- Destreza na realización da proba (1,5 puntos)



CVD: CrgW3OCPDlcYOkXHeKX8 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- Adecuación da elección dos materiais empregados (1,5 puntos)
- Axilidade na realización dos traballos (tempo empregado na realización do traballo) (1,5 puntos)
- Adecuación das respostas ás preguntas prácticas realizadas polo tribunal (1,5 puntos)

Realizadas as probas prácticas aos candidatos, o Tribunal por unanimidade acorda outorgarlle á realización desta proba a puntuación seguinte:

| ***NOME E APELIDOS*** | ***DNI*** |
|---|---|
| *González Souto, José Manuel* | ****4683*** |

A súa destreza e axilidade é inferior ao dos outros aspirantes , non mira estado da lixa, non lixa bordes nin usa luvas, execución de inferior calidade e nas respostas é moi escueto sinalando que hai que sacar o polvo e que o tempo entre vernizados depende do produto que se use ou calculase o tacto.

Destreza na realización da proba: 0,5 puntos

Adecuación da elección dos materiais empregados: 1,5 puntos

Axilidade na realización dos traballos (tempo empregado na realización do traballo): 0,5 puntos

Adecuación das respostas ás preguntas prácticas realizadas polo tribunal: 1 punto

TOTAL CONCURSO: 3,50 puntos

| ***NOME E APELIDOS*** | ***DNI*** |
|---|---|



CVD: CrgW3OCPDlcYOkXHeKX8 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | |
|---|---|
| *López Santiso, José Francisco* | ****0056*** |

A súa destreza e axilidade é a mellor en relación cos outros aspirantes, a execución con roupa adecuada, cascos durante o lixado, elección de materiais ( para lixado, pintura sobre cabalete, rodete, escorrendo a pintura sobrante, luvas) fai que se lle de a máxima puntuación, lixado con tempo ben executado, boa limpeza trata os laterais bordes da táboa. Nas respostas sobre limpeza das superficies fala de limpeza incluso de paredes con hidrolimpiadora sacando verdín, sinala que depende da superficie a pintar...de tempo entre capa e capa de vernizado fala que o mellor é dun dia para outro. Destreza na realización da proba: 1,5 puntos

Adecuación da elección dos materiais empregados: 1,5 puntos

Axilidade na realización dos traballos (tempo empregado na realización do traballo): 1,5 puntos

Adecuación das respostas ás preguntas prácticas realizadas polo tribunal: 1,5 puntos

TOTAL CONCURSO: 6 puntos

| ***NOME E APELIDOS*** | ***DNI*** |
|---|---|
| *Beade Rey, Manuel* | ****0432*** |

A súa destreza e axilidade é boa pero non trata os laterais bordes da táboa, sen lixar fai o vernizado dos mesmos, utiliza pincel non rodete e non escorre nin mira estado da lixa antes de lixar .

Destreza na realización da proba: 1 punto

Adecuación da elección dos materiais empregados: 0,5 puntos

Axilidade na realización dos traballos (tempo empregado na realización do traballo): 1 punto

Adecuación das respostas ás preguntas prácticas realizadas polo tribunal: 1,5 puntos



CVD: CrgW3OCPDlcYOkXHeKX8 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

TOTAL CONCURSO: 4 puntos

| ***NOME E APELIDOS*** | ***DNI*** |
|---|---|
| *Rabade Serrano, Eduardo* | ****9752*** |

Penalizase nas respostas fala de limpar con trapo, con disolvente e que di que en 5 minutos pódese dar outro vernizado

Destreza na realización da proba: 1,5 puntos

Adecuación da elección dos materiais empregados: 1,5 puntos

Axilidade na realización dos traballos (tempo empregado na realización do traballo): 1 punto

Adecuación das respostas ás preguntas prácticas realizadas polo tribunal: 0,5 punto

TOTAL CONCURSO: 4,50 puntos

**PROPOSTA CONTRATACIÓN**

**O Tribunal por unanimidade ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar a seguinte puntuación aos aspirantes presentados admitidos:

OFICIAL DE SEGUNDA/ELECTRICISTA

| NOME E APELIDOS | DNI | EXP.PROFESIONAL | FORMACION | PROBA PRÁCTICA | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| López Castelo, José Antonio | ***2168** | 0,54 puntos | 0 puntos | 6 puntos | 6,54 puntos |



CVD: CrgW3OCPDlcYOkXHeKX8 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Díaz Currás, Xurxo | ***2922** | 0 puntos | 1,50 puntos | Non presentado | Non presentado |

OFICIAL DE SEGUNDA/ALBANEIS

| NOME E APELIDOS | DNI | EXP.PROFESIONAL | FORMACION | PROBA PRÁCITA | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| González Souto, José Manuel | ***1843** | 0,62 puntos | 0 puntos | 3,5 puntos | 4,12 puntos |
| Beade Rey, Manuel | ***0432** | 0,77 puntos | 0 puntos | 4 puntos | 4,77 puntos |
| López Santiso, José Francisco | ***0056** | 2,79 puntos | 0 puntos | 6 puntos | 8,79 puntos |
| Rábade Serrano, Eduardo | ***9752** | 0,03 puntos | 2 puntos | 4,5 puntos | 6,53 |

**SEGUNDO.-** Publicar a valoración dos méritos de forma global coa puntuación acadada na oposición conferindo a todos/as os/as interesados/as un prazo de dous días hábiles para reclamacións ou alegacións a contar dende o día seguinte á publicación desta acta no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

**TERCEIRO.-** Propoñer de forma provisional, a vista dos resultados condicionados as alegacións, ao alcalde a contratación dos seguintes aspirantes con máis puntuación :

**OFICIAL DE SEGUNDA/ELECTRICISTA**

| **NOME E APELIDOS** | **DNI** | **PUNTUACIÓN TOTAL** |
|---|---|---|
| López Castelo, José Antonio | ***2168** | 6,54 puntos |



CVD: CrgW3OCPDlcYOkXHeKX8 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**OFICIAL DE SEGUNDA/ALBANEIS**

| NOME E APELIDOS | DNI | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|---|---|
| López Santiso, José Francisco | ***0056** | 8,79 puntos |
| Rábade Serrano, Eduardo | ***9752** | 6,53 |
| Beade Rey, Manuel | ***0432** | 4,77 puntos |

De presentárense alegacións reunirase o Tribunal para a súa resolución publicando outra vez os resultados definitivos. De non presentarse reclamacións este acta será elevada ao alcalde propoñendo para ocupar o posto aos catro candidatos referenciados neste punto (un electricista e tres albaneis), sen que se supere o número de postos convocados.

De todo o que se levanta acta para constancia no expediente e traslado ao alcalde aos efectos oportunos.

En Carral asinado dixitalmente na data da sinatura

Presidenta :

Secretaria :

Vogais



CVD: CrgW3OCPDlcYOkXHeKX8 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.